

A Coruña, 26 de marzo de 2021

Con data 20/05/2020, convocouse a primeira edición dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, dirixidos a estudantes ou graduados que presentasen o Traballo Fin de Grao (TFG), e a estudantes ou titulados de mestrado que presentasen o Traballo Fin de Máster (TFM), en titulacións da **Universidade da Coruña**, nos cursos académicos 2015/2016, 2016/2017, 2017/2018, 2018/2019 e 2019/2020.

A convocatoria presentaronse **29 candidatos**, 15 na categoría de TFM e 14 na de TFG, sendo todos os traballos presentados validados e admitidos por cumprir as condicións da convocatoria.

O Xurado encargado de resolver a Convocatoria dos Premios Cátedra EMALCSA-UDC, componse por os seguintes membros do comité Científico Técnico da Cátedra:

- Presidente: Moisés Canle López (UDC)
- Secretario: Ricardo Vázquez Pérez (EMALCSA)
- Vocal: Ricardo Antonio García Mira (UDC)
- Vocal: Francisco Javier Sanz Larruga (UDC).

Reunido o Xurado, e tras analizar polo miúdo os traballos presentados, quere facer constar:

- A gran calidade dos traballos presentados, que reflicten a interdisciplinariedade do traballo no eido dos sistemas de auga urbana, pondo de manifesto a enorme amplitude que presenta o campo dende o punto de vista da investigación e desenvolvemento.
- A rigorosidade labor desenvolvida polos diversos autores baixo a supervisión dos seus titores, aportando tanto traballos cunha grande calidade técnica e metodolóxica coma orixinalidades nos plantexamentos de desenrols.
- A importancia deste tipo de traballos académicos para aproximar o entorno académico á Sociedade e mais en concreto o coñecemento e importancia dos diferentes eidos relacionados coa xestión da auga no contexto espacial da área metropolitana en concreto e para a vida das persoas en xeral.

Valorados todos os traballos presentados, este Xurado **resolve por unanimidade** conceder os seguintes premios e áccesits:

- **Traballos de Fin de Máster:**

- **Premio:** *Pilar Sánchez Cid*

Polo seu traballo *“Estudio tipológico de la arquitectura de las estaciones de tratamiento de agua potable. Caso de estudio: ETAP de Cañas, Carral, A Coruña”*, pola excelente análise pormenorizada e comparada que realiza do conxunto de edificios industriais de comezo do s. XX que serviron para abastecer de auga tratada á cidade da Coruña, así como pola defensa que realiza do patrimonio industrial e tecnolóxico para entender a nosa historia recente.

- **Accésit:** *Alejandro Rey Vizoso*

Polo seu traballo *“Pulmón verde en el skyline de A Coruña. Reacondicionamiento del depósito de agua de Monte Alto y su entorno”*, unha orixinal e disruptiva proposta de solución sostible para a mellora do entorno urbano.

- **Accésit:** *Nuria Santisteban López*

Polo seu traballo *“Valoración medioambiental de la recuperación del río Monelos mediante análisis geoespacial multiparamétrico”*, no que pon en valor, mediante un minucioso estudo cunha metodoloxía orixinal baseada en teledetección, o río de Monelos, un valor natural moi descoñecido do entorno urbano de A Coruña.

- **Traballos de Fin de Grao:**

- **Premio:** *Marta Sánchez Núñez,*

Polo seu traballo *“Influencia de los nutrientes en la eficacia del tratamiento de aguas residuales en humedales contruidos de flujo vertical”*, no que presenta un rigoroso e pormenorizado estudo dunha solución baseada na natureza para resolver un dos meirandes problemas que presentan as sociedades urbanas no eido da auga.

- **Accésit:** *Nerea García Bugallo*

Polo seu traballo *“Propuesta didáctica para trabajar el agua, incidiendo en la problemática social y ambiental surgida en torno a ella”*, no que realiza unha moi

interesante proposta didáctica para alumnado de ensinanza primaria para traballar aspectos relacionados coa auga.

- **Accésit:** *Nicolás Ron Arroyo*

Polo seu traballo *“Ritmos circadianos/estacionais do cangrexo americano e selección do tamaño do cangrexo por parte da lontra no encoro de Cecebre”*, no que se pon de manifesto de xeito excelente o valor intanxible do entorno natural do encoro de Cecebre e de toda a conca Mero-Barcés.

O Xurado traslada as súas felicitacións a todos os participantes, de xeito moi especial aos premiados e aos que reciben accésits, e os anima a continuar, dende os postos que ocupen e dentro das capacidades que teñan, a traballar por mellorar o entorno da auga.

En A Coruña, a 26 de Marzo de 2021.

Moisés Canle López
Presidente

Ricardo A. García Mira
Vogal

Francisco J. Sanz Larruga
Vogal

Ricardo Vázquez Pérez
Secretario